

PROXECTO: MARKOR. UNHA EXPERIENCIA DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN NO CAMPUS DE LUGO
COORDINADOR: EMILIO RUZO SANMARTÍN

Descrición dos materiais producidos

Os dous principais obxectivos do proxecto artellábanse arredor da implantación virtual das materias troncais e obrigatorias das distintas titulacións do campus de Lugo adscritas ao Departamento de Organización de Empresas e Comercialización, así como ao desenvolvemento e mellora das materias xa implantadas. Nese senso, o material producido inclúe todos os contidos introducidos e ampliados en ditas materias, tales como módulo de avaliación on-line, con traballos a realizar por parte do alumno e xerador de exames, dossier de prensa, apartados multimedia con videos empresariais ou traducción ao galego dos contidos por parte dalgunhas materias, entre outros. Especialmente interesante parécenos a incorporación de videos de formación empresarial xa elaborados nalgunha das materias do campus virtual da USC, superándose problemas técnicos plantexados pola plataforma empregada no campus virtual da USC que impedían a súa utilización en cursos anteriores (cuestión xa apuntada na memoria final do anterior Proxecto de Innovación Educativa e-ADE Lucus, desenvolvido no curso 2003-2004 no marco da III Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa da USC).

Adicionalmente, como material docente a elaborar coa colaboración dos alumnos coa idea de utilizar no futuro, tanto no marco do campus virtual da USC coma no marco da docencia presencial, plantexábase a elaboración dun modelo estándar para a elaboración de videos de formación contando coa participación dos alumnos, que incluía, en primeiro lugar, un modelo de guía de utilización do video formativo para o profesor (anexo II) e un modelo de elaboración do video formativo para o alumno (anexo III), e, en segundo lugar, a elaboración efectiva dos videos formativos por parte dos alumnos baixo a supervisión do profesor especializados na temática de dúas materias concretas. Nese senso, procedeuse a elaborar o modelo das referidas guías, coa finalidade de establecer un estándar que poida ser aplicado inicialmente en calquera materia adscrita á sección do campus de Lugo do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización, e, no caso de que poida ter éxito, coa finalidade de que poida constituír un modelo “exportable” a outras Universidades ou Centros Formativos, quedando pendente a elaboración de materia docente en forma de videos polos motivos que se explican máise adiante.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- **Profesores das materias existentes** anteriormente na USC Virtual: Comercialización Internacional (5º LADE), Administración de empresas (4º LADE), Dirección Comercial (4º LADE) e Dirección de Pequenas e Medianas Empresas (5º LADE). Entre as actividades desenvolvidas inclúense:
 - Mellora e ampliación da edición virtual da materia.
 - Desenvolvemento de apartado de “Entrega de traballos”.
 - Desenvolvemento de apartado de “Cualificacións”.
 - Desenvolvemento / ampliación de outros apartados (Videos empresariais, biblioteca, lecturas de interese ou dossier de prensa, glosario de termos, enlaces de interese, entre outros).
 - Traducción ao galego dos materiais empregados.
- **Profesores das materias de nova implantación** na USC Virtual: Dirección Comercial (2º DCE), Introducción á Economía da Empresa (1º DCE), Dirección Xeral e Política de Empresa (5º LADE), Organización e Administración de Empresas (2º DCE), Economía (1º ETOP), Administración de Empresas e Organización da Producción (3º ETI) e Economía e Xestión da Empresa Alimentaria (5º LCTA). Neste caso procedeuse á implantación da edición virtual da materia en versión normalizada co resto de disciplinas do presente proxecto.

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro: Implantación virtual das materias Troncais e Obrigatorias das distintas titulacións do Campus de Lugo adscritas ó Departamento de Organización de Empresas e Comercialización que aínda non teñan contidos na USCVirtual, **100%**.
- Obxectivo segundo: Desenvolvemento e mellora das materias xa implantadas na USCVirtual: **40%**.
- Adicionalmente introducíronse as versións virtuais de materias optativas adscritas ao departamento non incluídas inicialmente no proxecto (Dirección de Ventas e Distribución Comercial), do Máster en Xestión e Dirección de Cooperativas e PEMEs Agroalimentarias e do Curso de Especialización en Xestión de Cooperativas e PEMEs Agroalimentarias.

Grao de cumprimento do plan de traballo

O calendario de traballo seguiu o seguinte cronograma temporal:

- Materias de nova implantación na USCVirtual:
 - Novembro'2004-Xaneiro'2005: Periodo de probas e implantación provisoria das edicións virtuais de ditas materias: **ACADADO AO 100%.**
 - Febreiro'2005-Xuño'2005: Actualización continua ó ritmo das clases impartidas de tódalas edicións virtuais das materias novas: **ACADADO AO 75%.**
- Materias xa implantadas na USCVirtual:
 - Tradución ó galego da totalidade dos materiais actualmente dispoñibles: **ACADADO AO 10%.**
 - Incorporación de contidos de audio ás presentacións actualmente existentes nas edicións virtuais: a partir de febreiro'2005: **NON ACADADO.**
 - Desenvolvemento con carácter experimental en dúas materias (Comercialización Internacional e Administración de empresas) de videos de formación directiva realizados polos propios alumnos baixo a supervisión académica dos profesores do departamento. Este obxectivo presentaba dous subxectivos: (1) filmacións nas empresas seleccionadas, edición e montaxe dos filmes, e (2) preparación das guías de acompañamento (para profesores e alumnos): **ACADADO AO 50%.**
 - Incorporación de novas seccións ó longo do curso académico: glosarios de termos, dossier de prensa empresarial, traballos de documentación empresarial baseados no uso da base de datos Business Source Premier e outras fontes da USC e, por último, humor empresarial: **ACADADO AO 75%.**

O cumprimento destes obxectivos recóllese nos anexos da presente memoria.

Valoración da experiencia

O presente proxecto de innovación educativa perseguía esencialmente estender a presenza de todas as materias Troncais e Obrigatorias das distintas titulacións do Campus de Lugo adscritas ao Departamento de Organización de Empresas e Comercialización dentro do Campus Virtual da USC, coa finalidade de converter esta ferramenta en complemento docente de uso normalizado por parte dos profesores e dos propios alumnos. Deste xeito, en primeiro lugar, acadouse o 100% de implantación das materias propostas, así como de algunha materia adicional (optativas ou posgraos), o que indica un elevado grao de implicación por parte do profesorado que estaba incluído no proxecto. En segundo lugar, as materias implantadas acadaron unha elevada participación por parte do alumnado, con un promedio superior ao 80% (ver detalle en anexo I), probablemente como consecuencia da ampliación e mellora dos contidos das edicións virtuais destas materias, o que indica que o desenvolvemento deste obxectivo plantexado inicialmente incidiu no incremento da utilización desta ferramenta por parte do alumnado. Por suposto, isto constitúe un camiño que aínda non está totalmente percorrido, de xeito que é necesario continuar no futuro coa mellora dos contidos incluídos nas materias do campus virtual da USC, coa finalidade de promover a participación da totalidade dos alumnos das materias e contribuír á mellora dos procesos de ensinanza - aprendizaxe coa axuda do campus virtual da USC.

Por outra parte, os obxectivos non acadados inciden nas posibilidades de mellora desta ferramenta para vindeiros cursos. En primeiro lugar, e tratando de contribuír ao plan de normalización lingüística da USC, é necesario acadar a implicación de tódolos profesores para a incorporación de tódolos contidos das materias incluídas no campus virtual da USC, o que constituía un incentivo para que se incremente o número de profesores que inclúa o galego na docencia das súas materias. Asemade, é preciso afondar no desenvolvemento de novos contidos, tales como os propostos relativos a contidos de audio, glosarios de termos, videos de elaboración propia, etc., coa finalidade de seguir mellorando a utilidade que pode proporcionar o campus virtual da USC como ferramenta complementaria da docencia, para os profesores, e do aprendizaxe, para os alumnos.

Especificamente, o obxectivo marcado para a realización experimental de videos de formación directiva por parte dos propios alumnos baixo a supervisión académica dos profesores do departamento acadou un grao de cumprimento do 50%. Por unha parte, non puido realizarse a filmación, edición e montaxe dos videos en empresas por parte dos alumnos debido a dous motivos principais: en primeiro lugar, debido á demora na apertura do crédito orzamentario concedido para esta tarefa e, en segundo lugar, debido á descatalogación do equipo recollido inicialmente no presuposto, coa conseguinte demora por parte do proveedor para proporcionar un equipo equivalente. Deste xeito, no se puido contar co equipo ata o final do curso, o que impediu que se puidese realizar esta tarefa contando coa participación dos alumnos. De tódolos xeitos, posto que xa se conta con dito equipo mantense a proposta de desenvolver ditos videos de formación directiva coa colaboración dos alumnos para o vindeiro curso, coa finalidade de mellorar a

formación de ditos alumnos a través da realización das tarefas necesarias para desenvolver os referidos videos, así como co obxecto de producir material multimedia de utilización específica nas materias do proxecto.

Sen embargo, por outra parte sí se traballou para elaborar un modelo normalizado de guía para o profesor na utilización dos videos (anexo II), e un modelo normalizado de guía para o alumno na elaboración dos videos baixo a tarefa do profesor (anexo III), coa finalidade de que este modelo normalizado axude a difundir os videos que se poidan elaborar no futuro, dentro e fóra da USC, e de que isto constitúa un complemento para a docencia e o aprendizaxe a implantar progresivamente no futuro, neste caso concreto, contribuíndo á produción de material multimedia de ensinanza específica no ámbito empresarial que sirva para a súa utilización na docencia das materias incluídas no proxecto, tanto de xeito independente coma combinado coa súa utilización no contexto do campus virtual da USC. Nese senso, de xeito piloto introducíronse con éxito nalgunha das materias videos de formación empresarial xa elaborados previamente, superándose problemas técnicos plantexados pola plataforma empregada no campus virtual da USC que impedían a súa utilización en cursos anteriores (cuestión xa apuntada no anterior Proxecto de Innovación Educativa e-ADE Lucus, desenvolvido no curso 2003-2004 no marco da III Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa da USC), tal como se explica no anexo IV. Con isto resólvese o problema existente en relación á incorporación de contidos audiovisuais, o que adianta o camiño no xeito de introducir este tipo de material cando sexa elaborado.

En consecuencia, a valoración do presente proxecto é positiva, baseando esta afirmación nos datos obtidos en relación á participación do alumnado na utilización das materias do proxecto incluídas no campus virtual da USC, tanto de nova creación como aquelas que foron melloradas. Isto indica que o estándar establecido para os contidos que debe incluír unha materia ofertada no campus virtual da USC presenta un elevado interese para os profesores e, como non, para os alumnos, recollendo aqueles apartados que son necesarios para o aproveitamento, de forma conxunta, tanto da ferramenta virtual como da propia materia. Neste senso realizouse unha enquisa sobre a utilización e satisfacción dos alumnos en relación á edición virtual das materias con maior grado de desenvolvemento, coa finalidade de que se continúe na vía de investigación, xa desenvolvida nos anteriores cursos, orientada a establecer os condicionantes dos alumnos en relación ao contexto persoal e ao contexto constituído pola propia ferramenta virtual de aprendizaxe, de xeito que no futuro se poida utilizar como base para mellorar aqueles aspectos que poidan limitar a utilización de ferramentas virtuais de apoio á docencia, tratando de mellorar aspectos relacionados non só cos contidos da USC virtual, senón incluso coas posibilidades de acceso dos estudantes ás novas tecnoloxías e, incluso, coa forma de organizar o proceso de desenvolvemento da docencia na aula, algo que, sen dúbida, debe ser realizado para a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Nembargantes, a tarefa iniciada no marco deste proxecto non debe considerarse rematada, sobre todo por aqueles apartados que non foron totalmente acadados, o cal debe ser o punto no que deben descansar os esforzos a realizar no futuro para motivar, tanto a profesores como a alumnos, no desenvolvemento da ferramenta de docencia e aprendizaxe que constitúe o campus virtual da USC e na introducción de novos modelos de docencia baseadas no uso de novas tecnoloxías, coma neste caso concreto a docencia baseada na utilización de videos. Por iso, non só esperamos continuar coa mellora dos contidos das materias incluídas dentro deste proxecto, senón que esperamos facer extensiva esta experiencia ao resto de materias do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización correspondentes a titulacións impartidas no campus de Lugo, neste caso optativas e de libre configuración. De xeito específico, consideramos como primeiro obxectivo a completar durante o vindeiro curso a segunda fase correspondente á realización experimental de videos de formación directiva por parte dos propios alumnos baixo a supervisión académica dos profesores do departamento e a partir do modelo normalizado xerado este curso (anexos II e III), tratando de completar deste xeito as expectativas marcadas inicialmente no presente proxecto de innovación educativa.

ANEXO I: RESUME ESTADÍSTICO DAS MATERIAS DO PROXECTO NA USC VIRTUAL

Táboa 1. Estatísticas de accesos dos alumnos ás materias incluídas no campus virtual da USC.

Materia	Nº accesos	Nº alumnos que se conectaron	Accesos medios por alumno	Porcentaxe de alumnos da materia con acceso
Administración de empresas	9.238	60	153,97	61,86%
Economía	9.652	41	235,41	82,00%
Administración de empresas e organización da produción	3.516	54	65,11	84,38%
Economía e Xestión da Empresa Alimentaria	978	15	65,20	78,95%
Dirección comercial	4.027	111	36,28	74,00%
Comercialización internacional	17.627	75	235,03	91,46%
Master	2.076	12	173,00	92,31%
Especialización	502	9	55,78	100,00%
Dirección comercial	602	14	43,00	73,68%
Dirección de PEMES	2.494	49	50,90	84,48%
Organización de empresas	3.407	144	23,66	72,00%
Dirección de Ventas	1.600	33	48,48	67,71%
Distribución comercial	2.897	49	59,12	80,33%
Introducción á economía da empresa	1.302	76	17,13	74,51%
Dirección Xeral e Política da Empresa	2.700	68	39,71	87,18%
MEDIA	4.175	54	86,79	80,32%

Táboa 2. Datos dos contidos incorporados polas materias incluídas no campus virtual da USC.

CONTIDO	Nº ASIGNATURAS CON CONTIDO	% ASIGNATURAS CON CONTIDO
Programa da materia	15	100%
Contido e material	15	100%
Ferramentas de comunicación	15	100%
Entrega de traballos	8	53%
Cualificacións	11	73%
Biblioteca	11	73%
Calendario	15	100%
Busca de contidos	15	100%
Enlaces de interese	5	33%
Simulación de exames	2	13%
Lecturas de interese	4	27%
Biografías	1	7%
Glosario de termos	3	20%
Sección de humor	1	7%
Videos de apoio	1	7%
Galería fotográfica	2	13%

ANEXO II: GUÍA DE UTILIZACIÓN DO VIDEO FORMATIVO (PROFESORES)

A utilización de productos tecnolóxicos como é o caso de material audiovisual ten unha función primaria orientada á reprodución de mensaxes, con un uso claramente orientado á *instrucción*. Neste contexto, un procedemento de utilización deste tipo de recursos didácticos baseado na reprodución da información contida en materiais de paso que se pode seguir é o que se indica a continuación¹:

1. *Preparación do profesor*. Nesta fase o profesor debe comprender a observación do material e a elaboración dun plan específico relacionado con cada un dos materiais a empregar.
2. *Preparación do ambiente*. Nesta fase o profesor debe comprobar as condicións do local onde se procederá a utilizar o material (neste caso, basicamente auditivas e visuais).
3. *Preparación da unidade temática*. Nesta fase o profesor debe analizar o contexto teórico do material, establecendo o momento máis axeitado dentro do desenvolvemento da unidade temática e a finalidade do material dentro de dita unidade.
4. *Utilización do material*. Nesta fase realízase a reprodución do material audiovisual, de xeito que sexa o máis adecuada posible.
5. *Reafirmación*. Nesta fase o profesor debe motivar ao alumnado para que reflexione sobre o mensaxe contido no material empregado, tratando de vincular esta reflexión cos conceptos contidos

A continuación descríbense brevemente os principais aspectos que deben ser considerados en cada unha destas etapas.

I. PREPARACIÓN DO PROFESOR

A presente guía vai dirixida á utilización de material didáctico audiovisual orientado á reprodución de mensaxes, con unha finalidade de xerar a transmisión e a reflexión sobre un conxunto determinado de conceptos relacionados con un tema obxecto de estudo. Nese sentido, o profesor debe coñecer o contido do video e os conceptos incluídos no mesmo. Deste xeito, a primeira tarefa que debe realizar o profesor é a análise profunda do video a utilizar, analizando as situacións descritas en dito video e tomando nota de cales son os conceptos de interese que aparecen no mesmo. Isto é necesario para poder utilizar con aproveitamento este tipo de material. Neste sentido o protocolo de observación podería recoller paralelamente información en relación a dúas cuestións:

- Análise descritiva do contido do video, relacionando a secuencia da información que se vai expoñendo (personaxes, empresas, contextos, historias, datos, etc.).
- En relación a cada secuencia, conceptos de interese con implicacións para a aprendizaxe dos alumnos.

¹ Brown, W; Lewis, B.; Harclerod, F. (1975): *Instrucción audiovisual. Tecnología, medios y métodos*. México: Trillas.

En segundo lugar, utilizando como base o gui3n anterior o profesor debe elaborar un plan espec3fico que recolla as tarefas a desenvolver para a utilizaci3n do video, as cales depender3n de cada caso concreto, pero que deber3n resaltar os seguintes aspectos:

- Formaci3n previa que debe posu3r o alumno en relaci3n aos contidos propios da materia.
- Formaci3n previa que debe posu3r o alumno en relaci3n aos contidos que aparecen no video e que poidan ser alleos 3 materia.
- Contidos conceptuais / procedementais que debe transmitir o profesor en relaci3n 3 unidade tem3tica a desenvolver co apoio do material did3ctico constitu3do polo video.
- Contidos conceptuais / procedementais que deben ser reafirmados ou descubertos por parte dos propios alumnos a trav3s da reproducci3n do video.
- Contidos conceptuais / procedementais que debe transmitir o profesor en relaci3n 3 unidade tem3tica despois da reproducci3n do video e da reflexi3n realizada polos propios alumnos.

No caso de que este video sexa utilizado no contexto dun entorno virtual (como o caso das materias inclu3das no campus virtual da USC) debe proporcionarse ao alumno unha gu3a similar 3 que se acaba de describir, de xeito que dito alumno saiba c3mo e en qu3 momento debe utilizar o video no seu proceso de aprendizaxe.

II. PREPARACI3N DO AMBIENTE

Resulta extremadamente importante preparar un ambiente adecuado para un perfecto aproveitamento da informaci3n que pode ser extra3da da reproducci3n do video. Deste xeito, o profesor debe prestar atenci3n ao contexto no cal vai ser reproducido o material audiovisual, orient3ndose tanto 3 recepci3n da mensaxe por parte do alumno como 3 posterior fase de reafirmaci3n. Por tanto, nesta fase o profesor debe asegurarse de:

- Dispo3er dun entorno adecuado para a correcta reproducci3n do video: d3bese contar con todos os medios necesarios para que o video poida ser visionado e escoitado correctamente por parte dos asistentes (iluminaci3n, son, proxecci3n, etc.), as3 como con aqueles medios did3cticos que sexan necesarios para facilitar o debate e a explicaci3n dos conceptos tratados en relaci3n ao video (pizarra, retroproyector, ordenador e can3n de proxecci3n e outro material complementario que resulte necesario).

- Coñecer o público destinatario do video: debemos coñecer o número de alumnos, as súas características, o seu coñecemento previo, etc., coa finalidade de poder planificar convenientemente a fase de reafirmación.
- Proporcionar aos alumnos unha breve guía que indique o obxectivo do video, o seu contido, a relación coa materia e coa unidade temática e, finalmente, as tarefas a desenvolver en relación ao mesmo.

III. PREPARACIÓN DA UNIDADE TEMÁTICA

O profesor debe preparar a unidade temática na que estea incluído o video como material didáctico de apoio. Isto está relacionado co plan deseñado na fase I, de xeito que antes de desenvolver a unidade temática o profesor debe realizar unha planificación da mesma, resolvendo os seguintes aspectos:

- Obxectivos da unidade.
- Detección de coñecementos previos en relación á unidade.
- Estratexia de motivación inicial.
- Contidos conceptuais e procedementais.
- Metodoloxía e materiais didácticos a empregar.
- Secuenciación temporal de contidos e de utilización dos diferentes materiais didácticos.
- Avaliación do alumnado: criterios e instrumentos de avaliación.

Coa realización da planificación da unidade temática quedará completamente resolta a cuestión de cal é o lugar que ocupa a utilización do video dentro da mesma, o que se persegue coa utilización deste material didáctico concreto e en qué momento debe ser empregado.

IV. UTILIZACIÓN DO MATERIAL

A utilización do material didáctico que constitúe o video debe realizarse seguindo a planificación establecida no apartado anterior, coa finalidade de que se relacione perfectamente co resto de contidos e materias didácticos contidos na unidade temática. Asemade, é preciso seguir o plan específico deseñado na fase I para a utilización deste material didáctico concreto, coa finalidade de que se aproveiten todas as potencialidades que ofrece esta técnica no desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe. Por suposto, para levar a cabo todo isto é necesario que o entorno de utilización do material fose preparado convenientemente, seguindo o establecido na fase II.

V. REAFIRMACIÓN

A mera reprodución do recurso didáctico que constitúe o material audiovisual (video) funciona unicamente como un medio pasivo e receptivo de aprender. Débese superar esta visión, evitando a mera reprodución do video ou a súa utilización como elemento substituto da tarefa de transmisión de contidos por parte do profesor. Por tanto, este recurso didáctico debe servir para promover unha sesión activa e participativa por parte do alumnado, coa finalidade de que a súa utilización sirva para motivar aos alumnos cara o descubrimento e a reflexión dos conceptos relevantes en relación á unidade temática que está a ser desenvolvida. A participación pode ser estimulada a través de grupos de discusión, competición entre os grupos, exposición pública en torno aos exercicios de avaliación propostos e outras tarefas que busquen motivar a participación activa do alumnado. Isto pode acadarse axudándose de novos visionados, incluso controlando os tempos dos mesmos, que sirvan para que os alumnos vaian afondando neste exercicio de reflexión.

Coa finalidade de facilitar as discusións dos alumnos, individual ou conxuntamente a través de grupos, pódense ter en conta, entre outras, as seguintes suxestións:

- Empezar con preguntas abertas na fase inicial de reflexión.
- Responder con afirmacións positivas a cada aportación.
- Resumir as aportacións de cada participante e relacionalas cos contidos conceptuais da unidade temática.
- Concentrar a atención nas contribucións dos participantes, coa finalidade de reforzar a participación dos alumnos.
- Non facer comentarios negativos en relación ás aportacións.
- Evitar posicionarse a favor da opinión de algunha contribución en relación ás demais.
- Evitar intervir no proceso de reflexión de cada participante ou grupo, actuando como un mero supervisor.
- Finalizar o proceso coa propia intervención do profesor, resumindo as principais conclusións obtidas polos propios alumnos relevantes para completar o proceso de aprendizaxe e relacionándoas co resto da unidade temática.

Coa finalidade de que o proceso de aprendizaxe baseado na utilización deste recurso teña éxito deben respetarse principios como os que se indican a continuación:

- Demostrar a utilidade dos conceptos que se adquiren a través da utilización do video para a formación actual do alumno e para a aplicación futura destes coñecementos na súa carreira profesional, mostrando as situacións incluídas no video como feitos reais, que superan unha mera situación de ficción.
- Posibilitar o proceso de auto-aprendizaxe a través da utilización do video, de xeito que os alumnos se impliquen na interpretación do mesmo e que sexan capaces de xerar os seus propios procesos de reflexión.

- Proporcionar un reforzo positivo aos conceptos transmitidos e auto-adquiridos, coa finalidade de que este esforzo realizado polo alumno teña maior probabilidade de ser asimilado.
- Fomentar un clima informal que poida servir de estímulo para que os alumnos participen activamente no exercicio de reflexión, xa que este é o obxecto da utilización deste tipo de recurso didáctico.
- Combinar este recurso didáctico coa utilización de diferentes metodoloxías (explicacións do profesor, estudo de casos, discusión, traballo persoal do alumno, busca de información relevante ou utilización de materiais complementarios), de xeito que se ofrezca ao alumno un abano de posibilidades que enriqueza as vías a través das cales poida desenvolver dun xeito máis flexible e activo os seus procesos de aprendizaxe.

ANEXO III: GUÍA DE ELABORACIÓN DO VIDEO FORMATIVO (ALUMNOS)

A finalidade da elaboración de videos formativos por parte dos alumnos está dirixida ao aprendizaxe por medio da creación, é dicir, aprender facendo as cousas, neste caso, a través da elaboración dos propios videos. Neste sentido, o primordial non é o fin, ou o resultado obtido, senón que o importante é o proceso, xa que esta é a tarefa que permitirá ao alumno asimilar os contidos e as actitudes relevantes en relación a un tema obxecto de estudio.

Na elaboración do video formativo é preciso prestar atención a dúas fases fundamentais: o aprendizaxe técnico en relación á utilización do medio e o desenvolvemento do video como recurso didáctico.

I. APRENDIZAXE TÉCNICO.

É preciso ter en conta que a función primaria dos medios técnicos como recurso didáctico é crear mensaxes que estean vinculados ao contexto (afectivo, social ou ético) dos protagonistas de determinadas situacións. Para desenvolver esta tarefa é preciso coñecer os sistemas de representación e linguaxes que permitan describir as situacións por medio da utilización dos referidos produtos tecnolóxicos. Neste sentido, os alumnos deben estar “alfabetizados tecnolóxicamente”. No ámbito da elaboración de material audiovisual a través da elaboración de videos, esta alfabetización tecnolóxica debe comprender dous contidos fundamentais:

- a) *Procesos de gravación.* Neste caso débese proporcionar unha instrucción básica ao alumno no manexo de materia de videogravación. Trataríase de ensinar aos alumnos cómo se utilizan as videocámaras, en relación a cuestión de enfoque, luminosidade, son, etc., coa finalidade de que sexan capaces de realizar estas tarefas dun xeito autónomo.
- b) *Procesos de produción.* Neste caso débese proporcionar unha instrucción básica ao alumno nas ferramentas existentes para realizar os montaxes dos materias gravados. Considerando que na actualidade dispónse de material de tipo dixital para realizar a gravación, esta tarefa situase ao alcance de usuarios non profesionais no ámbito de imaxe e son, bastando coa instrucción en aplicacións de software informático orientadas ao montaxe de material audiovisual, tamén coa finalidade de que os alumnos sexan capaces de levar a cabo estas tarefas dun xeito autónomo.

Estes dous procesos poden ser realizados a un nivel básico contando coa axuda dun profesional, de xeito que nun período de 4-6 horas os alumnos desenvolvan as habilidades para realizar por si mesmos a gravación e produción de material audiovisual de carácter dixital en forma de videos. Asemade, o profesor debe proporcionar aos alumnos os materiais a empregar para a realización das fases de gravación e produción, en forma de videocámaras, equipos informáticos e software que poida ser necesario para realizar ditas tarefas.

II. ELABORACIÓN DO VIDEO.

Nesta fase é preciso instruír aos alumnos na utilización que se vai facer dos videos, orientándoos na función básica de reconstrucción dialéctica do entorno do alumno e do obxecto de estudio, neste caso, o contexto empresarial.

Como punto de partida e coa finalidade de instruír ao alumno no tipo de posibilidades do video como recurso formativo e no tipo de linguaxe que se pode empregar na reprodución de mensaxes audiovisuais, é preciso que coñezan os tipos de video ou contidos audiovisuais existentes en función da súa utilización, a saber:

- a) *Videos/contidos instructivos*. Estes están orientados á instrucción. Están caracterizados polo predominio do punto de vista indirecto da cámara, como elemento de representación de unha narración. Respecto á banda sonora predominan os elementos verbais, que se representan en off, mediante a narración de unha persoa que non se observa na pantalla. Neste caso, as narracións acostuman a ter una concepción lineal do tempo, de xeito que a información está estruturada linealmente: presentación de información, preguntas en relación á información e finalización con un repaso ou recordatorio da interpretación do mensaxe.
- b) *Videos/contidos modelizadores*. Estes están orientados ao aprendizaxe de habilidades psicomotoras. Están caracterizados pola presentación de personaxes que desenvolven certo tipo de habilidades, destrezas ou tarefas. A estrutura da información tamén é lineal, neste caso coa presentación a través do punto de vista indirecto, mediante a representación de comportamentos observados. A banda sonora está caracterizada por elementos verbais que presentan os protagonistas ou por modelos observados na pantalla.
- c) *Videos/contidos cognitivos*. Estes están orientados á reflexión sobre ideas, percepcións, argumentos ou situacións representadas na pantalla. A súa estrutura temporal é cíclica, representando informacións en forma de bucles expositivos que presentan eventos sen unha intención explicativa. O punto de vista da cámara é directo, centrado nas percepcións dos protagonistas, e a banda sonora inclúe basicamente elementos musicais, de xeito que os elementos verbais representan as manifestacións dos personaxes.

A partir do anterior o alumno deberá decidir qué tipo de contidos se inclúe no video que se vai a elaborar, coa finalidade de incorporar elementos visuais e sonoros correspondentes a cada tipo de contido, así como de establecer diferentes xeitos de presentación da información, tamén coherentes con cada tipo de contido.

O seguinte paso consiste en darlle corpo á historia que se vai incorporar no video. Neste sentido, e tendo en conta o anterior, o máis axeitado no ámbito da formación empresarial é adoptar a metodoloxía do caso, coa finalidade de presentar un caso ou casos obxecto de estudio en torno ao cal se presente a información coa finalidade de analizar a temática que corresponda. Para unha utilización axeitada desta metodoloxía deberán seguirse os seguintes pasos:

1. *Obxectivo da investigación.*

Neste caso débese establecer cal é o obxectivo que se persigue co estudio dun caso a través da elaboración do video. A especificación clara do obxectivo servirá de guía e facilitará todo o traballo posterior, así como será o primeiro paso a desenvolver para orientar na súa resolución.

2. *Marco teórico.*

Débese revisar o coñecemento teórico existente en torno a unha determinada cuestión, coa finalidade de establecer a aportación que vai a supoñer o material didáctico a elaborar en forma de video. Isto establecerá o punto de partida sobre o cal se efectúe a selección da unidade de análise e dos contidos a aportar.

3. *Unidade e nivel de análise.*

A unidade e o nivel de análise fai referencia ao establecemento dos elementos que van a ser obxecto de estudio, de acordo cos obxectivos perseguidos e do marco teórico da temática tratada. Isto será fundamental para establecer a posterior selección do caso a estudar, en función das cuestións anteriores, orientándose á economía en xeral, a empresas, a traballadores, a procesos concretos, etc., en función destas cuestións.

4. *Selección do caso ou casos.*

Neste punto débese seleccionar o obxecto de estudio do video, de xeito que o seu análise permita incorporar información que proporcione a base sobre a que se poida realizar a reflexión en relación á temática considerada. Deste xeito, será clave revisar fontes de información para detectar candidatos a ser obxecto de estudio, en función da relación que poidan ter eses casos coa temática considerada.

5. *Protocolo do caso.*

Unha vez seleccionado o caso débese establecer o protocolo para o seu análise e a representación posterior do caso en forma de video.

En primeiro lugar, é preciso analizar toda a información dispoñible en relación a dito caso. No caso de que esta información non sexa suficiente, será necesario contactar cos protagonistas (empresas, empregados, administracións, etc.) coa finalidade de completar toda a información necesaria. Nesta fase é preciso establecer o tipo de contidos a incluír no video, coa finalidade de establecer o tipo de información que se vai a proporcionar e o xeito de presentala, coa finalidade de proporcionar un plan para a gravación do material que sexa necesario.

En segundo lugar, é preciso analizar toda a información, coa finalidade de realizar o montaxe do material en función dos obxectivos perseguidos e do tipo de contidos que se van incorporar.

6. *Producción final: presentación, reflexión e interpretación.*

Na fase final os alumnos deben presentar o recurso didáctico en forma de video. Neste video deben presentarse os contidos básicos en función das súas aplicacións didácticas en función da análise do caso obxeto de estudo:

- Contexto teórico de análise.
- Presentación da información do caso obxeto de estudo.
- Plantexamento das cuestións obxeto de reflexión que sirvan para tratar os conceptos teóricos relevantes.
- Conclusións finais que deben extraerse do propio video.

O propio alumno debe elaborar unha guía de utilización do video como material didáctico, orientada á súa presentación en clase no contexto da temática correspondente, coa finalidade de que os demais alumnos poidan utilizalo como material adicional para a preparación do tema correspondente.

Por suposto, en todas as tarefas anteriores resulta clave o papel do profesor, como orientador no proceso de establecemento de obxectivos, proporcionando o marco teórico máis axeitado e axudando na fase de creación do material, sempre tratando de darlle unha utilidade didáctica ao material que se vai empregar, de xeito que sirva de utilidade tanto aos alumnos que elaboren o video como aos demais alumnos que sexan “destinatarios” do mesmo como material didáctico obxeto de análise e reflexión.

ANEXO IV: INCORPORACIÓN DE VIDEOS NO CAMPUS VIRTUAL DA USC

Nalgunha das materias do proxecto introducíronse con éxito de xeito piloto videos de formación empresarial xa elaborados previamente, superándose problemas técnicos plantexados pola plataforma empregada no campus virtual da USC que impedían a súa utilización en cursos anteriores (cuestión xa apuntada no anterior Proxecto de Innovación Educativa e-ADE Lucus, desenvolvido no curso 2003-2004 no marco da III Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa da USC). Ditos problemas técnicos estaban relacionados coa incapacidade da plataforma da USC virtual para funcionar como servidor de video streaming, coa necesaria axilidade da aplicación de visualización a utilizar por parte do usuario e coa necesaria protección intelectual do material empregado.

Para superar estas limitacións empregouse as novas funcionalidades ofrecidas pola última versión da aplicación Macromedia Flash MX Professional 2004, software que permite, en relación as dificultades técnicas apuntadas anteriormente, acadar as seguintes ventaxas:

- En primeiro lugar, dada a incapacidade da plataforma para funcionar como servidor de video streaming, esta aplicación simula dito servidor sen necesidade de contar con equipamento adicado a tal tarefa.
- En segundo lugar, con esta aplicación non é necesario descargar íntegramente o material (neste caso videos) en cada visualización, permitindo unha maior rapidez de acceso e visualización e unha menor necesidade de hardware por parte do usuario.
- En terceiro lugar, esta aplicación permite a visualización sen que exista a posibilidade de que o material visualizado sexa descargado por parte do usuario, promovendo a protección intelectual do material empregado.

Finalmente, a utilización desta aplicación ten unha última ventaxa, derivada do feito de que o seu visor (Macromedia Flash Player) constitúe un estándar xeralizado na introducción de contidos multimedia con base audiovisual en entornos web.

Con isto resólvese o problema existente en relación á incorporación de contidos audiovisuais, o que adianta o camiño no xeito de introducir este tipo de material xa elaborado previamente ou no caso de que sexa elaborado a tal efecto por calquera profesor.

A continuación móstranse algunhas ventás do referido apartado de videos.

USC VIRTUAL **Comercialización Internacional**

Panel de control Ver Opciones del profesor

Inicio > Contidos e Materiais > **Videos**

Tabla de contenidos

Para poder visualizar estos videos necesitas ter instalado o Macromedia Flash player 7
 Pulsa [aquí](#) para conseguir o **Macromedia Flash player 7** para Internet explorer e Windows XP
 Se quieres ir á páxina de Macromedia pulsa [aquí](#).

- ▼ **TEMA 05. Medioambiente socio-cultural**
 - ▼ **Primeiros pasos en Xapón**
 - [Video en resolución normal](#)
 - [Video en baixa resolución](#)
- ▼ **TEMA 06. Introducción ao marketing internacional: conceptos básicos**
 - ▼ **A decisión de exportar**
 - [Video en resolución normal](#)
 - [Video en baixa resolución](#)
 - ▼ **A internacionalización da empresa: ¿Por qué exportar?**
 - [Video en resolución normal](#)
 - [Video en baixa resolución](#)
- ▼ **TEMA 08. Investigación de mercados exteriores**
 - ▼ **A investigación comercial**
 - [Video en resolución normal](#)
 - [Video en baixa resolución](#)
- ▼ **TEMA 12. Política internacional de distribución**
 - ▼ **Consortios de exportación**
 - [Video en resolución normal](#)
 - [Video en baixa resolución](#)

USC VIRTUAL **Comercialización Internacional**

Panel de control Ver Opciones del profesor

Inicio > Contidos e Materiais > Videos > **Video en resolución normal**

Glosario | Anotaciones




STREAMING 0:01:08.022

USC VIRTUAL **Comercialización Internacional**

Panel de control Ver Opciones del profesor

Inicio > Contidos e Materiais > Videos > **Video en resolución normal**

Glosario | Anotaciones



PAUSED 0:00:37.982